

M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a creación de unha liña de axudas ó transporte e as actividades municipais para xubilados e pensionistas con baixo nivel de renda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xubilación é un acto administrativo polo que un traballador en activo pasa a unha situación pasiva ou de inactividade laboral despois de alcanzar a idade máxima, ou tamén por enfermidade crónica grave ou incapacidade. Obtén entón unha prestación monetaria para o resto da súa vida.

Dependendo de onde resida un xubilado, este cobrará unha ou outra cuantía. A pensión de xubilación non é igual en toda a xeografía española. Sucede que non todos cobran igual, senón que a súa pensión varía dependendo da comunidade na que vivan.

Según os datos da Seguridade Social a 01 de maio de 2017, na provincia da Coruña, as persoas cunha Incapacidade Permanente teñen unha pensión media de 841,88€, por xubilación perciben unha media de 937,99€, por viudedade 583,81€, e por orfandade 382,84€, polo tanto a pensión media na nosa provincia é de 818,37€.

Vistos estes datos cremos que os prezos de todas as actividades promovidas polo Concello deberían contemplar unha política de prezos adaptada ás circunstancias económicas de xubilados e pensionistas con baixo nivel de renda.

Temos que avanzar na protección dos nosos maiores que están a pagar o mais duro da crise posto que as súas pensións foron e son en moitos casos a salvación de moitos fogares galegos e tamén na Pobra.


É un colectivo cuxos ingresos diminúen ano a ano e non contan con ningunha outra fonte de ingresos por iso os Socialistas apostamos por esixir unha serie de medidas de carácter económico que axuden a supervivencia de este colectivo.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- A creación dunha liña de axudas ó transporte aos centros médicos de referencia tanto nivel comarcal (Hospital do Barbanza) como ao hospital de referencia, (CHUS).
- Pedimos a creación dunha tarxeta municipal de desconto que facilite o uso do taxi por parte dos nosos maiores, facilitándolles desta forma a súa independencia.
- Esiximos que os pensionistas poidan beneficiarse do establecemento dunha política de prezos especiais para todo tipo de actividades.

A Pobra do Caramiñal, 10 de xullo de 2017.



Mª Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL